



FISCALÍA DE MEDIO AMBIENTE

Rúa Viena, 1 (Polígono Fontiñas)
15700-Santiago de Compostela

ASUNTO: INICIO IRREGULAR DE OBRAS EN PROXECTO DE GRANXA DE CRÍA PARA VISÓN.

PROXECTO: PROXECTO DE GRANXA PARA CRÍA DE VISÓN.

PROMOTOR: VISOTENIC, SL

LOCALIZACIÓN: O ARNADO (CONCELLO DE A ESTRADA)


CLAVE: PO/2014/008

D. Óscar Rivas López con DI [REDACTED], en nome e representación da Sociedade Galega de Ornitoloxía (SGO); D. Fins Eirexas Santamaría, DI [REDACTED], en representación de ADEGA (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza); D. Serafín González Prieto, DI [REDACTED], en representación da Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN), e D. Anxo Manuel Fernández Saborido, DI [REDACTED] en representación da Federación Ecoloxista Galega (FEG)

Comparecen e din:

Que por medio do presente escrito presentamos DENUNCIA contra VISOTENIC, S.L. en base aos seguintes feitos:

- 1- Visotenic, S.L. está a promover o proxecto denominado “Granxa para cría de visón” no lugar de O Arnado, concello de A Estrada (Pontevedra).
- 2- As “Instalacións gandeiras de animais exóticos ou destinados a peletería”, están incluídas no Anexo da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia (punto 9.4 do Anexo), polo que ao abeiro do artigo 33 da citada Lei 9/2013, deberán someterse a un procedemento de avaliación de incidencia ambiental.
- 3- En cumprimento da citada normativa, o órgano ambiental iniciou o procedemento de avaliación de incidencia ambiental, con código de expediente PO/2014/008. O proxecto de execución, que inclúe a Memoria Ambiental definida no artigo 34.2 da Lei 9/2013, está na actualidade exposta a información pública para a presentación de alegacións na web http://www.cmati.xunta.es/informacion-publica-de-proxectos-de-incidencia-ambiental?p_p_id=AIAPortlet_WAR_AIAPortlet_INSTANCE_D4wp&p_p_lifecycle=1&p_p_state=normal&p_p_mode=view&p_p_col_id=column-1&p_p_col_count=1, tal e como determina o artigo 35.1 da citada Lei. O prazo de exposición pública do proxecto remata o día 28 de marzo, polo que no momento de redacción desta denuncia o proxecto aínda continúa nesa fase do procedemento, tal e como se aprecia na imaxe extraída da citada web o 27 de marzo ás 9:35 hora local.



www.cmabi.xunta.es/informacion-publica-de-proxectos-de-incidencia-ambiental?p_p_id=AIAPortlet_WAR_AIAPortlet_INSTANCE_D4wp&p_p_lifecycle=1&p_p_...

Atendémolo/a | Accesibilidade | Mapa do portal | Suxestións GALEGO | CASTELLAÍO

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

A CONSELLERÍA | MEDIO AMBIENTE E SOSTIBILIDADE | MOBILIDADE | INFRAESTRUTURAS | TERRITORIO E URBANISMO | VIVENDA |

Vostede está en: [Portada](#) > [Recursos](#) > **Información Pública de Proxectos de Incidencia Ambiental** Escóitar | Enviar | Imprimir | Compartir

Proxectos de incidencia ambiental en información pública

<< Nova consulta

Código	Proxecto	Concello	Descarga	Alegacións
PO/2014/007	GRANXA PARA CRIA DE VISON	AGOLADA	Documentación do proxecto	Ir a>
PO/2014/008	GRANXA PARA CRIA DE VISIONS	ESTRADA (A)	Documentación do proxecto	Ir a>

Buscar [Buscador avanzado](#)

- 4- O procedemento de avaliación de incidencia ambiental finaliza coa emisión da Declaración de Incidencia Ambiental, tal e como específica o artigo 36 da Lei 9/2013. Esta Declaración constitúe un “requisito esixible” no procedemento de Comunicación Previa regulado polo artigo 24 da citada Lei -Punto “e) A autorización ou declaración ambiental que proceda”-. Segundo o artigo 25, esta comunicación previa constitúe o acto xurídico que habilita para o inicio da actividade ou a apertura do establecemento, así como para o inicio da obra ou instalación, non sendo posible o inicio destas sen este acto previo.
- 5- Posto que o proxecto referido aínda se atopa na fase de información pública vinculada ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental, é evidente que non existe a data de hoxe Declaración de Incidencia Ambiental. Xa que logo, non é posible que nas circunstancias actuais se teña producido a comunicación previa regulada polo artigo 24, ou no caso de terse realizado, produciuse unha inexactitude, falsidade ou omisión de documentos esixibles, neste caso a Declaración de Incidencia Ambiental.
- 6- Non entanto, podemos acreditar que a data 26 de marzo as obras de execución de granxa de visón de O Arnado (concello de A Estrada) xa deron comezo e están a executarse na actualidade, tal e como se pode apreciar na seguinte imaxe:



- 7- O inicio das obras sen a obtención da preceptiva Declaración de Incidencia Ambiental é contraria a dereito, xa que tal e como se desenvolveu en anteriores apartados deste escrito, dito documento é requisito indispensable da comunicación previa ao inicio da actividade ou obra. Segundo o artigo 26 da Lei 9/2013, a inexactitude, falsidade ou omisión nos datos achegados na comunicación previa comportará *“a ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento en que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos”*. Tamén poderá determinar *“a obriga do interesado de restituír a situación xurídica do momento previo”*.
- 8- Por outra banda, o réxime sancionador establecido no Capítulo V da Lei 9/2013 establece como infracción moi grave *“1- abrir un establecemento e levar a cabo actividades, ou realizar modificacións, sen efectuar a comunicación previa o sen dispoñer das licenzas ou autorizacións oportunas, ou incumplir as súas condicións, se supón un risco grave para as persoas ou bens”*, así como *“4- o engano ou falsidade nas comunicacións previas ou na obtención das correspondentes licenzas o autorizacións mediante a achega de documentos ou datos”*. No caso indicado no punto 1, considerarase infracción grave se non supón un risco grave para as persoas ou bens.
- 9- O visión europeo é unha especie considerada como invasora polo *Real Decreto 630/2013, de 2 de agosto, por el que se regula el Catálogo español de especies exóticas invasoras*, e está cientificamente constatado o enorme prexuízo que está a supor no medio ambiente a presenza de poboacións naturalizadas procedentes de



escapes de granxas como a que nos ocupa. Consideramos polo tanto que a apertura dun establecemento deste tipo (afectado ademais pola Disposición Adicional 6ª do citado RD 630/2013) sen a correspondente autorización ambiental constitúe un risco para o ben público que constitúe o Medio Ambiente e o dereito ao seu disfrute e conservación, amparados pola Constitución Española.

10- Os feitos presentados nesta denuncia poderían:

- a. Contravir as leis e outras disposicións de carácter xeral protectoras do medio ambiente e pode perxudicar gravemente o equilibrio dos sistemas naturais mediante a liberación dunha especie considerada invasora e incluída no Catálogo estatal de especies invasoras.
- b. Non ter obtido a preceptiva autorización ou aprobación administrativa das súas instalacións.
- c. Falsear ou ocultar información sobre aspectos ambientais.
- d. Constituír unha actividade perigosa para os animais ou plantas, no caso de producirse escapes ou liberacións de visón americano dende as instalacións executadas sen a preceptiva autorización ambiental.


11- Segundo o indicado no punto anterior, estes feitos poderían verse afectados polos artigos 325, 326, 328.2 do Código Penal.

Por todo o exposto **SOLICITAMOS** que, tendo por presentado este escrito, se admita e se teña por presentada a denuncia contra VISOTENIC, S.L., aos efectos de apertura de dilixencias de investigación por iniciar as obras do proxecto “Granja para cría de visón” sen a obtención da preceptiva Declaración de Incidencia Ambiental, feito que pode estar infrinxindo as normas de protección do medio ambiente.

MEDIDAS CAUTELARES: dada a gravidade dos feitos denunciados, irreparables en si mesmos se como froito do trámite administrativo finalmente non se emitise unha declaración de incidencia ambiental positiva, solicitamos se adoite como medida cautelar a paralización das obras de execución das citadas instalacións.

En Santiago de Compostela, a 27 de marzo de 2014.

D. Óscar Rivas López
Presidente da Sociedade Galega de Ornitoloxía (SGO)



Fins Eirexas Santamaría
Secretario Executivo de ADEGA (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza)

Serafín González Preito
Presidente da Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN)

Anxo Manuel Fernández Saborido
Coordenador Xeral da Federación Ecoloxista Galega (FEG)